

## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN DE SOPORTE PARA OS PROCESOS ELECTORAIS DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

### REUNIDOS

Dunha parte, Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, segundo o nomeamento efectuado polo Decreto 242/2009, do 23 de abril (DOG núm 79, do 24 de abril), actuando no nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 2.1. Cuarto da Orde do 8 de setembro de 2017 de delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG núm 180, do 21 de setembro).

Doutra parte, Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011; e o Decreto 91/2021, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, crea a Consellería do Mar sendo a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, un dos seus órganos de dirección de conformidade co establecido no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, atribúelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro as competencias no fomento da organización sectorial.

Dentro desta Dirección Xeral, no seo da Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais, atópanse as funcións relativas á organización sectorial pertencentes á consellería en materia de pesca, e polo tanto, a obriga de ser a unidade responsable da execución das funcións que o Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, asigna de xeito xenérico á consellería competente en materia de pesca.

**Segundo.-** Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

**Terceiro.** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

**Cuarto.-** Desde a efectividade da integración na AMTEGA dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Tendo en conta o anterior, a Consellería do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento e implantación dun sistema de información que de apoio e favoreza a dinamización da información nos procesos electorais a membros dos órganos reitores das confrarías de pescadores e das súas agrupacións sectoriais, mediante o establecemento dunha canle de comunicación no que se poda trasladar aos membros das confrarías de pescadores información detallada, instantánea e por sectores.

### **Segunda.- Financiamento**

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de trinta e catro mil euros (34.000 €), IVE incluído, para os anos 2021 e 2022.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias e proxectos do seu orzamento:

Aplicación orzamentaria	Ano 2021	Ano 2022
15.03.722A.640.3 Código de Proxecto 2014-00639	17.000 €	17.000 €

Posteriormente á formalización do acordo, levarase a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014 00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidades 2021 e 2022.

### **Terceira.- Actuacións a desenvolver**

Ao abeiro do presente acordo, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolverá un sistema de información que facilite a apoie a canle de comunicación para que a Consellería de Mar poda trasladar aos socios das confrarías de pescadores de Galicia información sobre o proceso electoral.

O sistema estará composto dos seguintes elementos principais:

- Aplicación de administración para usuarios administrativos. Nesta aplicación dáse cobertura á necesidade de xestión dos contidos postos ao dispor dos usuarios relativos ao proceso electoral. En particular conterà Módulo de socios, Módulo de administración, Módulo de candidaturas e Módulo de avisos e noticias
- Aplicacións móbiles en plataforma Android e IOS para usuarios sectoriais. A solución de administración descrita é a encargada de alimentar os contidos para a aplicación móbil de dinamización do proceso electoral. Esta aplicación estará dispoñible nas tendas de aplicacións de Google e Apple e permite ao usuario, previa autenticación a consulta dos seguintes contidos: Información dos datos do propio usuario no Censo electoral; Consulta da información do censo electoral da confraría asociada ao usuario; Consulta de información de candidaturas; Información de avisos e noticias referidos ao proceso electoral,
- Servizos Web de soporte aos contidos das aplicacións móbiles (para dar soporte ás funcionalidades dispoñibles nas aplicacións móbiles)

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

### **Cuarta.- Compromisos das partes**

Ao abeiro deste acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, desenvolveranse os seguintes compromisos:



- i. A tramitación administrativa e adjudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para elo, a AMTEGA, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación
- ii. O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato
- iii. A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- i. A elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos.
- ii. O órgano de contratación estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación que estará constituída por persoal da AMTEGA, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

#### **Quinta.- Expedientes de contratación**

A AMTEGA actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle recoñece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar.

#### **Sexta.- Vixencia**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2022.

En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na súa cláusula segunda.

### **Sétima.- Publicidade**

Será de aplicación, no relativo á publicidade e ao rexistro do acordo de colaboración, o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Procederase a súa inscrición no Rexistro de convenios, de conformidade co establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

### **Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola demais normativa de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (P.D. Orde do 8 de setembro de 2017 DOG. Núm 180, do 21 de setembro)

Susana Rodríguez Carballo  
(asinado dixitalmente)

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Mar Pereira Álvarez  
(asinado dixitalmente)